


Relacións Norte-Sur



PENSA

A maioría da riqueza do planeta está en mans duns poucos países que controlan a economía mundial. Son os países desenvolvidos, tamén chamados **Países do Norte**, “**primeiro mundo**” ou “**países ricos**”. Os países que non teñen un nivel mínimo de benestar para a súa poboación e que non controlan os seus recursos naturais son os menos desenvolvidos, tamén chamados **Países do Sur**, “**terceiro mundo**” ou “**países pobres**”. Aquí inclúense moitos dos países que se atopan en América Latina, África e Asia.

Ademais a división Norte-Sur non se aplica só aos países na súa totalidade, senón que a realidade é moito máis complexa. Así, todos os países teñen o seu “norte-sur”, con distintas zonas onde se atopan bolsas de pobreza, de conflitos sociais e de marxinación, coas mesmas características que nos Países do Sur empobrecidos. ([Ver ficha Globalización](#)).



SABÍAS QUE...

DEUDA EXTERNA

A **débeda externa** é a suma das obrigacións que ten un país con respecto doutros, que se compón de débeda pública (a contraída polo estado) e débeda privada, (a contraída os particulares no exterior).

En principio, o endebedamento non é malo, pois permite conservar os recursos propios e recibir recursos alleos para explotar. Con todo, vólvese un problema cando dita débeda non se utiliza realmente para o que foi solicitada. Sendo así una das causas do subdesenvolvemento máis que un camiño para resolvelo. Algúns motivos típicos para o grave endebedamento dun país son: catástrofes naturais, epidemias, investimentos en novos cultivos, mala administración de fondos, etc.



En principio, el endeudamiento no es malo, pues permite

conservar los recursos propios y recibir recursos ajenos para explotar. Sin embargo, se vuelve un problema cuando dicha deuda no se utiliza realmente para lo que fue solicitada. Siendo así una de las causas del subdesarrollo más que un camino para resolverlo. Algunos **motivos típicos** para el grave endeudamiento de un país son: catástrofes naturales, epidemias, inversiones en nuevos cultivos, mala administración de fondos, etc.

DEPENDENCIA NORTE-SUR

Para entender mellor a dependencia do sur no sector agrario, hai que ter en conta que a industria agroalimentaria ten **catro fases produtivas** ben diferenciadas:

- Selección de sementes, produción de maquinaria, ferramentas, abonos e pesticidas
- Traballo da terra
- Transformación dos produtos agrícolas
- Distribución e venda dos produtos transformados

Os países en vías de desenvolvemento só controlan a segunda fase; as demais contrólanas as grandes corporacións internacionais e os países do norte. O resultado é dependencia e subordinación.

Así, continúa o dominio económico dos países industrializados, que impoñen aos demais países as súas propias regras de xogo no mercado mundial a través do intercambio desigual, o libre comercio internacional, a débeda externa e as multinacionais.

QUE PODO FACER EU...?



Ser consciente desta situación e informarme e coñecer outro tipo de relacións comerciais, como o comercio xusto, (ver ficha Comercio xusto), que trata de **apoiar o desenvolvemento das comunidades produtoras** e das economías rexionais a través dun desenvolvemento sostible e economicamente equilibrado.

Tamén podes realizar voluntariados en España e no estranxeiro, para coñecer as realidades dos países do sur e as problemáticas dos países do norte. Coñecer persoas doutras culturas ademais de nos permitir entender mellor as cosmovisións dos seus territorios, axúdanos a saír dos estereotipos culturais que recibimos, supón un verdadeiro e enriquecedor intercambio intercultural e unha maneira de ampliar a perspectiva que temos do mundo.

PARA SABER MÁIS...

- [Wikipedia](#)
- [FAO. Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura](#)
- [Oxfam Intermón](#)
- [Economistas sen Fronteiras](#)